



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

AURENTINO ALONSO ARAUJO, deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

No vindeiro pleno da Deputación Provincial de Ourense do día 29 de abril de 2020, no punto Nº 4 da orde do día da sesión está prevista a aprobación da modificación orzamentaria Nº 3/2020. Nesa modificación, e con cargo a aplicación orzamentaria : 231.11/762.06 “ Acción social. Concello da Rúa”, orzaméntase unha subvención nominativa para “ *Obras de viales, de acceso, acondicionamento e servizos ó novo centro de saúde*”, cunha cantidade de 130.000 €.

A vista de que a subvención é finalista para os termos concretos nos que se describe, solicítase;

- Información sobre a parcela na que se van a executar as obras de viales de acceso, acondicionamento e servizos ó novo centro de saúde e situación urbanística da mesma.
- Existe algún contencioso ou procedemento xudicial aberto sobre a parcela? Está esta libre de cargas?.
- A cantidade de 130.000€, da que vai a ser beneficiario o Concello da Rúa, considérase unha aportación a fondo perdido para o fin ao que se destina, ou, de ser o caso, poderá ser recuperada pola Deputación Provincial unha vez que remate todo o proceso?

En Ourense, a 27 de abril de 2020
Asinado: Aurentino Alonso Araujo

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE